

O réxime feudal e a sociedade estamental

Nas monarquías hispánicas que se foron formando ao longo da Idade Media en paralelo ao proceso de Reconquista e repoboación, os cristiáns impuxeron o modelo político e socioeconómico xeralizado no Occidente europeo desde o século IX: o **feudalismo**, que se baseaba, principalmente, nas relacións de dependencia mutua a través da **vasalaxe**.

Desde o punto de vista político, as relacións de vasalaxe significaban que o rei era o señor supremo dun territorio, a quen todos debían obediencia, fidelidade e auxilio militar, pero, a cambio, tiña que outorgar aos seus vasallos, grandes nobres, un beneficio ou **feudo** (terras e/ou dereitos xurisdiccionais). Á súa vez, os grandes nobres empregaban este tipo de relacións con outros de inferior categoría, formándose, así, unha **pirámide feudal** de dependencia.

Nas **monarquías feudais** así estruturadas, o rei (ou a raíña na Coroa de Castela) considerábase o dono do reino (monarquía patrimonial) e posuía a autoridade suprema, de orixe divino, pero tiña dúas limitacións prácticas: a) compartía cos nobres e eclesiásticos o exercicio do poder e da xustiza que estes, convertidos en señores por delegación real, administraban nos seus **señoríos**; e b) debía gobernar respectando os **privilexios forais** dos reinos e cidades. Neste sentido, na Coroa de Castela dominou a concepción autoritaria do poder rexio e a homoxeneidade xurídica (agás para os señoríos vascos), pero na de Aragón predominou a pactista, é dicir, o rei podía gobernar a cambio de xurar respectar os privilexios dos diferentes reinos que formaban a Coroa (Aragón, Cataluña, Valencia e Baleares).

Desde o punto de vista socioeconómico, o feudalismo caracterizouse pola existencia dunha **sociedade estamental**, na que os individuos estaban ordenados en grupos ou estamentos, de acordo coa función que desenvolvían (loitar, rezar, traballar); se articulaban a través de **lazos de dependencia persoal**; e os seus membros eran **legalmente desiguais**: uns grupos posuían privilexios e vantaxes xurídicas e outros, non.

- Os **grupos privilexiados** estaban formados polos nobres e os eclesiásticos e caracterizábanse porque posuían honores e títulos, non pagaban tributos, tiñan leis e tribunais especiais e exercían o poder e a xustiza na súa condición de señores á fronte dos seus señoríos (nobiliarios ou eclesiásticos). Porén, entre eles, existían grandes diferenzas (honoríficas e económicas), tanto entre a alta nobreza (duques, condes) e a baixa (fidalgos), como entre o alto clero (bispos, abades, abadesas) e o baixo (curas, monxes e monxas).

- O **grupo dos non privilexiados** incluía ao resto da poboación, que formaba o estamento dos **pecheiros**, porque pagaban os pechos ou impostos. A súa composición variou co paso do tempo: antes do século X, predominaron os **campesiños**, diferenciándose entre os campesiños libres, propietarios de pequenas parcelas, e os colonos ou servos, que estaban adscritos á terra que traballaban e debían realizar diversas prestacións aos seus señores; despois do século X, co renacemento urbano e económico, xurdiron novos grupos: artesáns e comerciantes, todos eles **burgueses**, é dicir, habitantes dos burgos ou cidades. Foi moi frecuente que os campesiños libres buscasen a protección dun nobre, igrexa ou mosteiro a cambio de encomendarlle a súa persoa, a súa familia e os seus bens (entrega de terras ou taxa anual). Estes vínculos de dependencia coñécense co nome de **relacións de**

encomenda.

- Entre os **grupos marxinais**, estaban as minorías relixiosas, xudeus e mudéxares, que vivían nas cidades en barrios separados (xuderías, mourerías).